Asunto: **SUBSTITUCIÓN FUNCIÓNS DA ALCALDÍA PARA PRESIDIR PLENO DA**

Expediente TEDEC núm.: 2026/E007/000004
Expediente decreto núm.: 2026/G0003/001888
Procedemento: decretos de organización. Delegación de funcións por causa inaprazable.

FEITOS

Logo de ver que no día de hoxe, ás 15:15 horas, está previsto celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación municipal cun único punto da orde do día: o sorteo público para a designar os membros das Mesas Electorais con motivo das Eleccións Xerais do 29 de novembro de 2026.

E de ver que por motivos de forza maior derivados dunha causa inaprazable que me impide asistir fisicamente e atender as miñas obrigas institucionais en dito horario, non poderei presidir a citada sesión plenaria.

E de ver que corresponde aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Os artigos 21,3 e 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, (en diante LBRL).
- Os artigos 44 e 47 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, (en diante ROF).
- O artigo 13.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: *Nas resolucións e actos que se diten mediante suplencia, farase constar esta circunstancia e se especificará o titular do órgano en cuxa suplencia se adoptan e quen efectivamente está exercendo esta suplencia.*
- O decreto da alcaldía núm. 902/2023 do 26/06/2023, de nomeamento de tenentes de alcalde.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO**:

1 Delegar en Noelia Baleato Toja, como primeira tenente de alcalde, a totalidade das funcións da presidencia do Pleno da Corporación municipal que se realizará o 2 de novembro de 2026, (luns), ás 15:15 horas ao abeiro do artigo 23.3 da LBRL.

2 A delegación comprende a totalidade das funcións de dirección, ordenar os traballos e a execución do sorteo informático así como a sinatura das actas e demais documentos que correspondan á presidencia durante o desenvolvemento da citada sesión extraordinaria.

3 O órgano delegado debe informar a esta alcaldía, *a posteriori,* e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé no artigo 115 do ROF.

4 A delegación conferida neste decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

5 Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e no Taboleiro de Edictos Electrónico incluído na Sede Electrónica municipal.

6 No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións LBRL e do ROF, en canto ás regras que para a delegación se establecen nas devanditas normas

CVD: GfXMYYQKeXxWgvj7tr/v Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.santacomba.es/

7 Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe
A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada

CVD: GfXMYYQKeXxWgvj7tr/v Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.santacomba.es/